

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA DO DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2023.

PRESIDENTE:

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA.

VOGAIS:

DONA MARÍA ISABEL COUSELO TORRES.
DONA MARTA FERNÁNDEZ-TAPIAS NÚÑEZ.
D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.
DONA MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ.
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO.
DONA MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ.
D. CARLOS LÓPEZ FONT.
D. CARLOS GÓMEZ PRADO.
DONA ANA LAURA IGLESIAS GÓNZÁLEZ.
DONA DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ.
D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ.
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR.

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as trece horas do día 7 de novembro de 2023 asisten, baixo a Presidencia de D. Jesús Vázquez Almuiña Presidente da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Asiste o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gullás Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO DE 2024. (EXPTES.- 2023066955-2023051181).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo que figura na memoria da Presidencia asinada con data 31 de outubro de 2023, cuxo contido é o seguinte:

“MEMORIA DA PRESIDENCIA

En cumprimento do disposto no artigo 168-1.a) do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18-1-a) do R.D. 500/1990, de 20 de abril, e co obxecto de explicar o contido e as principais modificacións



do orzamento para o exercicio de 2024 en relación có de 2023, elabórase a presente memoria.

Introdución

O orzamento xeral consolidado para o próximo exercicio ten un marcado carácter expansivo, xa que experimenta un crecemento dun 4,19 por cento, que si nos PXE se establece a compensación da liquidación negativa na PTE do exercicio de 2020, poderíase elevar a un 6,5 por cento (5.189.518€); permitíndonos compensar, na medida das nosas escasas posibilidades, a previsión de caída do consumo e inversión do sector privado.

Para a súa elaboración non podemos contar coa información que, en anos anteriores, ofrecíanos o proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado; así consideramos que os ingresos para o próximo exercicio que recibiremos do Estado serán os que estamos a recibir no actual exercicio (o detalle figura no análise comparativa cos do exercicio anterior); así resulta que os ingresos a conta que recibiremos do Estado experimentan un incremento sobre as previsións iniciais de 2023 entorno ao 3 por cento e as retribucións dos empregados experimentarán un incremento do 2 por cento, podendo acadar outro 0,5 por cento en función das variacións do IPC harmonizado durante o exercicio de 2024. Estas porcentaxes aplicaranse sobre as retribucións de 2023 incrementadas nun 0,5 por cento da paga compensatoria do incremento do IPC en 2023, ao que se deberá engadir outro 0,5 por cento se ao finalizar 2023 se acada o nivel de PIB estipulado, previo recoñecemento legal por parte do Estado.

De tódolos xeitos si os ingresos foran superiores tramitaríanse os oportunos expedientes de modificación e si diminúen, como xa se establece na Disposición Transitoria 1º das bases de execución deste orzamento, declararanse coma non dispoñibles, polo mesmo importe da redución dos ingresos, os créditos das aplicacións que se estimen reducibles sen afectar o normal funcionamento dos servizos, decisión que se poderá tomar mediante resolución presidencial, previo informe do responsable do centro xestor afectado e da intervención.

En relación cos aspectos cuantitativos o orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024 está integrado polos orzamentos:

- <i>Da Deputación</i>	<i>189.283.429 €</i>
- <i>Da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería</i>	<i>630.617 €</i>
- <i>Do Consorcio provincial C. Incendios</i>	<i>3.992.300 €</i>
- <i>Consorcio Deza – Tabeirós</i>	<i>1.188.738 €</i>
- <i>O Consolidado</i>	<i>193.157.062 €</i>

En relación cos ingresos do orzamento de Deputación podemos destacar:



- O incremento dos ingresos totais por importe de 7.649.534 € (4,21%),
- O incremento dos recursos correntes por importe de 9.427.925 € (5,27%)
- Aforro neto é de 52.109.989 €, diminúe en 3.769.161 € (6,75%), como consecuencia do incremento dos gastos correntes (13.437.919 €).

En relación cos gastos do orzamento de Deputación podemos destacar:

- O incremento dos créditos para gastos totais por importe de 7.649.534 € (4,21%)
- Incremento do gasto corrente en 13.437.919 € (10,96%)
- Os investimentos (cap. VI e VII) diminúen 5.532.552 € (-9,46%)

En relación co endebedamento podemos destacar:

- Para o financiamento do orzamento non se prevé concertar ningunha operación de endebedamento.
- O endebedamento inicial é de 25.000.000 €.
- O endebedamento final será de 25.000.000 €.
- A carga absoluta e relativa (xuros + amortización/dereitos correntes) prevista será de 0 €.

En relación coa solvencia consolidada da Deputación podemos destacar:

- O aforro bruto acada a cifra de 52.140.549€, diminúe en 4.010.293 € en relación co do ano anterior (-7,14%), como consecuencia do aumento dos gastos correntes, a pesares do incremento dos ingresos correntes.
- O aforro neto acada a cifra de 52.140.549 €, diminúe 3.769.460 € (-6,74%), e representa o 27,15% dos recursos correntes.
- A débeda viva o inicio do exercicio será de 25.000.000 €, non se amortiza nada, quedando ao final do exercicio unha débeda de 25.000.000€.
- A débeda viva sobre os recursos correntes será ó final do exercicio do 13,02 por cento.

Finalidades ás que se destinan os créditos orzamento consolidado da Deputación.

Este orzamento recolle os compromisos de gasto adquiridos no exercicio de 2024 e anteriores pendentes de execución. Asimesmo, o orzamento dota os créditos necesarios para atender aos seguintes programas de gasto:



PROGRAMA	DENOMINACIÓN	2023.	2024.	DIFERENZA	% VARIACIÓN
	DÉBEDA PÚBLICA	250.835 €	65.002 €	-185.833 €	-74,09%
	AREA DE GASTO 0 "DÉBEDA PÚBLICA"	250.835 €	65.002 €	-185.833 €	-74,09%
1360	SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENCIOS	5.343.485 €	5.405.826 €	62.341 €	1,17%
	POLÍTICA DE GASTO 13 "SEGURIDADE E MOVILIDADE CIDADAN"	5.343.485 €	5.405.826 €	62.341 €	1,17%
1516	PROMOCIÓN DE SOLO	246.184 €	336.184 €	90.000 €	36,56%
	POLÍTICA DE GASTO 15 "VIVENDA E URBANISMO" (IPESPO)	246.184 €	336.184 €	90.000 €	36,56%
1621	RECOLLIDA DE LIXO	3.000 €	11.000 €	8.000 €	266,67%
1623	RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS (PROGRAMA COMPOSTAXE)	1.709.206 €	1.234.706 €	-474.500 €	-27,76%
1650	ASISTENCIA SOCIAL : XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	210.370 €	210.370 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 16 "BENESTAR COMUNITARIO"	1.922.576 €	1.456.076 €	-466.500 €	-24,26%
1700	ADMON. MEDIO AMBIENTE	94.086 €	94.086 €	0 €	0,00%
1705	ADMON. MEDIO AMBIENTE - RECOLLIDA DE ANIMALES	751.000 €	731.500 €	-19.500 €	-2,60%
1708	ADMON. MEDIO AMBIENTE - BIODIVERSIDADE EN HÁBITATS COSTEIROS	0 €	188.848 €	188.848 €	100,00%
1720	PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	178.000 €	103.000 €	-75.000 €	-42,13%
	POLÍTICA DE GASTO 17 "MEDIO AMBIENTE"	1.023.086 €	1.117.434 €	94.348 €	9,22%
	AREA DE GASTO 1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS	8.535.331 €	8.315.520 €	-219.811 €	-2,58%
2110	PENSIÓNS	202 €	202 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 21 "PENSIÓNS"	202 €	202 €	0 €	0,00%
2210	OUTRAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A FAVOR DOS EMPREGADOS	744.700 €	744.700 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 22 "OUTRAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A FAVOR DOS EMPREGADOS"	744.700 €	744.700 €	0 €	0,00%
2310	ASISTENCIA SOCIAL : XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	0 €	654.184 €	654.184 €	100,00%
2311	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -ACCIÓN SOCIAL	1.838.935 €	1.796.851 €	-42.084 €	-2,29%
2312	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -PROMOCIÓN SOCIAL	12.584.288 €	13.102.292 €	518.004 €	4,12%
2313	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -A PERSONAS DEPENDIENTES	3.959.349 €	4.568.098 €	608.749 €	15,37%
2315	ASISTENCIA SOCIAL - IGUALDADE	2.125.277 €	1.658.848 €	-466.429 €	-21,95%
2317	ASISTENCIA SOCIAL - LOITA CONTRA BRECHA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO M. RURAL	0 €	21.624 €	21.624 €	100,00%



	POLÍTICA DE GASTO 23 "SERVICIOS SOCIALES E PROMOCIÓN SOCIAL"	20.507.849 €	21.801.897 €	1.294.048 €	6,31%
2410	FOMENTO DE EMPLEO	2.503.152 €	2.212.433 €	-290.719 €	-11,61%
2411	FOMENTO DE EMPLEO - DEPOEMPRENDE	86.945 €	96.351 €	9.406 €	10,82%
2412	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTOS UE. E MOZOS	100.000 €	100.000 €	0 €	0,00%
2427	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_21-23	107.402 €	0 €	-107.402 €	-100,00%
2428	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_22-24	79.686 €	79.686 €	0 €	0,00%
2429	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_23-25	0 €	138.216 €	138.216 €	100,00%
	POLÍTICA DE GASTO 24 "FOMENTO DE EMPREGO"	2.877.185 €	2.626.686 €	-250.499 €	-8,71%
	AREA DE GASTO 2ª ACTUACIÓN DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	24.129.936 €	25.173.485 €	1.043.549 €	4,32%
PROGRAMA	DENOMINACIÓN	2023.	2024.	DIFERENZA	% VARIACIÓN
3243	FUNCIONAMENTO CENTRO DE ENSINANZA ESCOLA DE CANTEIROS	764.625 €	0 €	-764.625 €	-100,00%
3260	SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN	599.001 €	611.001 €	12.000 €	2,00%
3261	SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN - F. ESCOLA DE ENFERMERÍA	603.575 €	630.617 €	27.042 €	4,48%
	POLÍTICA DE GASTO 32 "EDUCACIÓN"	1.967.201 €	1.241.618 €	0 €	100,00%
3300	ADMINISTRACIÓN XERAL DA CULTURA	481.762 €	527.442 €	45.680 €	9,48%
3321	BIBLIOTECAS PÚBLICAS	22.000 €	22.000 €	0 €	0,00%
3322	ARQUIVOS.	2.601.479 €	2.021.068 €	-580.411 €	-22,31%
3330	EQUIPAMENTOS CULTURALES E MUSEOS	9.531.619 €	9.745.298 €	213.679 €	2,24%
3340	PROMOCIÓN CULTURAL	4.592.677 €	5.297.895 €	705.218 €	15,36%
3341	PROMOCIÓN CULTURAL: BIENAL DE ARTE	0 €	100.000 €	100.000 €	100,00%
3344	PROMOCIÓN CULTURAL, PROX. AUDIOVISUAIS	45.730 €	0 €	-45.730 €	-100,00%
3360	PROTECC. E XESTIÓN DO PATRIMONIO H. ARTÍSTICO, CASTELO SOUTOMAIOR	730.454 €	1.070.698 €	340.244 €	46,58%
3361	PROTECC. E XESTIÓN DO P. H. ARTÍSTICO - XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	114.010 €	131.010 €	17.000 €	14,91%
3362	PROTECC. E XESTIÓN DO P. H. ARTÍSTICO - CASTRODEZA E PAZO LIÑARES	178.003 €	208.799 €	30.796 €	17,30%
3363	PROTECC. E XESTIÓN DO PATRIMONIO H. ARTÍSTICO, CASTELO DE SOBROSO	256.012 €	477.155 €	221.143 €	86,38%
3370	INSTALACIÓN DE OCUPACIÓN DO TEMPO LIBRE (C. LANZADA)	536.078 €	504.557 €	-31.521 €	-5,88%



	POLÍTICA DE GASTO 33 "CULTURA"	19.089.824 €	20.105.922 €	1.016.098 €	5,32%
3400	ADMINISTRACIÓN XERAL DO DEPORTE	793.899 €	849.066 €	55.167 €	6,95%
3410	PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE	3.849.404 €	4.608.102 €	758.698 €	19,71%
3420	INSTALACIONES DEPORTIVAS	143.501 €	2.646.500 €	2.502.999 €	1744,24%
	POLÍTICA DE GASTO 34 "DEPORTE"	4.786.804 €	8.103.668 €	3.316.864 €	69,29%
	AREA DE GASTO 3ª PRODUCC. DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	25.843.829 €	29.451.208 €	3.607.379 €	13,96%
4100	ADMÓN. XERAL DE AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA	2.322.099 €	2.417.336 €	95.237 €	4,10%
4120	MELLORA DAS ESTRUCTURAS AGROPECUARIAS E DOS SIST. PRODUCTIVOS	1.348.669 €	1.504.033 €	155.364 €	11,52%
4123	INVESTIGACIÓN FITOPATOLÓXICA	2.530.328 €	2.914.785 €	384.457 €	15,19%
4125	INVESTIGACIÓN FITOPATOLÓXICA: VITICULTURA	0 €	16.022 €	16.022 €	100,00%
4140	ARRENDAMENTO DE MAQUINARIA, INSTALACIÓN E UTILLAXE	14.000 €	14.000 €	0 €	0,00%
4150	PROTECCIÓN E DESEÑO DOS RECURSOS PESQUEIROS	250.000 €	250.000 €	0 €	0,00%
4190	OUTRAS ACTUACIÓN EN AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA	490.000 €	422.000 €	-68.000 €	-13,88%
	POLÍTICA DE GASTO 41 "AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA"	6.955.096 €	7.538.176 €	583.080 €	8,38%
4200	ADMINISTRACIÓN XERAL DA INDUSTRIA E ENERXIA	5.500 €	5.500 €	0 €	0,00%
4251	FOMENTO COMUNIDADES ENERXÉTICAS	0 €	147.881 €	147.881 €	100,00%
	POLÍTICA DE GASTO 42 "INDUSTRIA E ENERXÍA"	5.500 €	153.381 €	147.881 €	2688,75%
4315	C. TURISMO Y PEMS - "DA TÚA MAN RURAL I"	0 €	20.000 €	20.000 €	100,00%
4316	C. TURISMO Y PEMS - "DA TÚA MAN RURAL II"	0 €	20.000 €	20.000 €	100,00%
4320	INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA	2.786.959 €	3.147.036 €	360.077 €	12,92%
PROGRAMA	DENOMINACIÓN	2023.	2024.	DIFERENZA	% VARIACIÓN
4321	INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA-TURISMO ACCESIBLE (POUSADAS)	50.001 €	224.002 €	174.001 €	348,00%
4324	TURISMO NOS CAMIÑOS_DEZA	827.000 €	173.670 €	-653.330 €	-79,00%
4325	TURISMO, TERRA ENTRE RÍOS	535.000 €	143.220 €	-391.780 €	-73,23%
4330	DESEÑO EMPRESARIAL (VIVEIROS)	311.267 €	465.250 €	153.983 €	49,47%
4331	DESEÑO EMPRESARIAL (CENTRO DE APOIO EMPRESARIAL)	24.240 €	24.240 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 43 "COMERCIO, TURISMO E PEQUENAS E M. EMPRESAS"	4.534.467 €	4.217.418 €	-317.049 €	-6,99%
4500	ADMINISTRACIÓN XERAL DE INFRAESTRUCTURAS	1.732.179 €	1.680.632 €	-51.547 €	-2,98%



4530	CARRETERAS	19.919.919 €	16.484.782 €	-3.435.137 €	-17,24%
4590	OUTRAS INFRAESTRUTURAS	0 €	2.050.000 €	2.050.000 €	100,00%
	POLÍTICA DE GASTO 45 "INFRAESTRUTURAS"	21.652.098 €	20.215.415 €	-1.436.683 €	-6,64%
4630	INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA E APLICADA	5.000 €	5.000 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 46 "INVESTIGACIÓN, DESEÑO E INNOVACIÓN"	5.000 €	5.000 €	0 €	0,00%
	AREA DE GASTO 4ª ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO	33.152.161 €	32.129.390 €	-1.022.771 €	-3,09%
9120	ORGANOS DE GOBERNO	3.385.147 €	3.157.060 €	-228.087 €	-6,74%
	POLÍTICA DE GASTO 91 "ÓRGANOS DE GOBERNO"	3.385.147 €	3.157.060 €	-228.087 €	-6,74%
9200	ADMINISTRACIÓN XERAL	11.252.024 €	11.749.422 €	497.398 €	4,42%
9220	COORD. E ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL DAS ENT. LOCALES (COTAS FEMP E FEGAMP)	110.000 €	110.000 €	0 €	0,00%
9225	COORDINACIÓN E ASISTENCIA INTERMUNICIPAL	775.755 €	908.704 €	132.949 €	17,14%
9240	PARTICIPACIÓN CIDADÁN	1.247.438 €	1.300.217 €	52.779 €	4,23%
9260	COMUNICACIÓN INTERNAS (TIC)	6.609.288 €	6.367.171 €	-242.117 €	-3,66%
9290	IMPREVISTOS, SITUACIONES TRANSITORIAS E CONTINGENCIAS DE EXECUCIÓN	1.003.000 €	1.003.000 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 92 "SERVICIOS DE CARÁCTER XERAL"	20.997.505 €	21.438.514 €	441.009 €	2,10%
9310	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL	1.887.952 €	2.187.902 €	299.950 €	15,89%
9320	XESTIÓN DO SISTEMA TRIBUTARIO (ORAL)	10.474.141 €	10.791.351 €	317.210 €	3,03%
9330	XESTIÓN DO PATRIMONIO	373.850 €	513.850 €	140.000 €	37,45%
9340	XESTIÓN DA DÉBIDA E DA TESOURERÍA	345.821 €	450.640 €	104.819 €	30,31%
	POLÍTICA DE GASTO 93 "ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E TRIBUTARIA"	13.081.764 €	13.943.743 €	861.979 €	6,59%
942	TRANSF. A ENTIDADES LOCALES TERRITORIALES /PLAN COOPERACIÓN CONCELLOS: 2023	55.575.894 €	59.123.638 €	3.547.744 €	6,38%
9431	COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA	435.001 €	245.001 €	-190.000 €	-43,68%
9434	COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA	0 €	114.502 €	114.502 €	100,00%
	POLÍTICA DE GASTO 94 "TRANSFERENCIAS A OUTRAS ADMON. PÚBLICAS"	56.010.895 €	59.483.141 €	3.472.246 €	6,20%
	AREA DE GASTO 9ª ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL	93.475.311 €	98.022.458 €	4.547.147 €	4,86%
TOTAL ORZAMENTO CONSOLIDADO (DEPUTACIÓN + F. E. ENFERMERIA+ CONSORCIO PROVINCIAL + CONSORCIO DEZA-TABEIROS)...		185.387.403 €	193.157.062 €	7.769.659 €	4,19%

Con este orzamento trátase de:



- Manter coa calidade adecuada, durante o exercicio de 2024, os distintos servizos e actividades que presta e realiza na actualidade a Deputación. Asimesmo, tamén se dota crédito para facer fronte ao gasto de novos servizos e actividades que se pretenden acometer no próximo exercicio.
- Asistir económica e tecnicamente aos concellos por un importe total de 66.001.722,00 €, dos cales 29.094.022 € son para axudas de natureza corrente e 36.907.700,00 € son para axudas de natureza de capital (investimento).
- Axudas aos demais axentes sociais e económicos da provincia (13.671.200 €) mediante subvencións e axudas correntes e de capital.

Consideracións cuantitativas xerais en materia de gastos

En materia de gastos o orzamento consolidado da Deputación podemos destacar:

- Os créditos para gastos do capítulo I (gastos de persoal) acadan a cifra de 56.935.140 €, experimentando un incremento de 1.904.739 € (3,46%). Este crecemento débese basicamente ao incremento do 1% non previsto no presuposto de 2023 e ao 2% de incremento para o exercicio de 2024 e a outras pequenas variacións nos cadros e relación de postos de traballo que se explican no informe da xefa do Servicio de RRHH e Formación.
- Os créditos para gastos do capítulo II (gastos en bens e servizos correntes) acadan a cifra de 42.020.147 €, experimentando un incremento de 1.471.089 € (3,63%), como consecuencia do incremento de prezos.
- Os créditos para gastos do capítulo III (gastos financeiros) acadan a cifra de 150.103 € (dos cales 0 € son dos xuros da débeda e o resto xuros de demora), polo que experimentan un incremento de 45.001 € (42,82%).
- Os créditos para gastos do capítulo IV (transferencias correntes) acadan a cifra de 39.785.223 €, increméntanse en 10.137.514 € (34,19%), como consecuencia de incrementar en as axudas para gasto corrente dos concellos.
- Os créditos para gastos do capítulo V (Fondo de continxencia) acadan a cifra de 1.003.000 €, é unha esixencia da LOEPSF para facer fronte a gastos imprevistos e imprevisibles, e non experimenta ningunha variación.
- Os créditos para gastos do capítulo VI (investimentos reais) acadan a cifra de 13.098.349 €, experimentan unha diminución de 3.838.650 € (-22,66%), para maior detalle ver plan de investimentos.
- Os créditos para gastos do capítulo VII (transferencias de capital) acadan a cifra de 37.492.700 €, diminúe en 1.694.700 € (-4,08%), para maior detalle ver plan de investimentos.
- Os créditos para gastos do capítulo VIII (variación de activos financeiros) non experimentan variación significativa.
- Os créditos para gastos do capítulo IX (variación de pasivos financeiros) acadan a cifra de 0 €, diminuíndo en 240.833 € (-100%), como consecuencia diminución das amortizacións ordinarias.

Consideracións cuantitativas xerais en materia de ingresos



En materia de ingresos do orzamento xeral consolidado da Deputación podemos destacar:

- Capítulo I (Impostos directos), estímase para este capítulo uns dereitos a liquidar de 16.492.234€, experimentando un crecemento de 2.573.935 € (18,49%), xa que se espera recadar mais de acordo co que estamos recibindo actualmente.
- Capítulo II (Impostos indirectos), estímase para este capítulo uns dereitos a liquidar de 14.651.024 €, o que representa unha diminución de 269.935 € (-1,81%), en base ao que estamos recibindo actualmente do IVE e Impostos especiais.
- Capítulo III (Taxas e outros ingresos), estímase, por este capítulo, uns dereitos a liquidar de 14.877.028 €, polo que experimenta un incremento de 325.827 € (2,24%), como consecuencia duns maiores ingresos esperados de taxas, prezos públicos e outros conceptos.
- Capítulo IV (Transferencias correntes), estímase neste capítulo uns ingresos de 143.398.470 €, experimentando un aumento de 4.539.744 € (3,27%), como consecuencia do que estamos recibindo actualmente da PTE, do Fondo Complementario e do financiamento de fondos europeos, etc.
- Capítulo V (Ingresos patrimoniais), estímase neste capítulo uns dereitos a liquidar de 2.615.406 €, é dicir, que experimenta un aumento de 2.378.479 € (1.003,89%), debido a unha maior recadación pola subida dos xuros que pagan os bancos polos excedentes de tesourería.
- Capítulo VI (alleamento de investimentos reais), estímase para este capítulo uns dereitos a liquidar de 850.500 €, experimenta unha diminución de 150.000 € (-14,99%).
- Capítulo VII (Transferencias de capital), espéranse uns ingresos de 0 €, en función de convenios cos concellos e de axudas de fondos europeos xa concedidas.
- Capítulo IX (Variacións de pasivos financeiros), as previsións non varían ao non preverse ningunha operación de crédito igual co ano anterior, como consecuencia de non ser necesario o financiamento do orzamento con endebedamento, dándose así cumprimento o principio de estabilidade orzamentario e de déficit cero.

Evolución do endebedamento

A débeda neta consolidada da Deputación, en termos absolutos, diminuirá en 240.833€.

A carga financeira da deputación (xuros e amortización) experimentará unha diminución de 240.833€ (-100%) como consecuencia da redución natural da amortización no actual exercicio e a non disposición dos préstamos de 25 millóns concertado en 2021. En termos relativos pasa do 0,13 ao 0,00 por cento dos recursos correntes.



O endebedamento previsto para o exercicio de 2024 presenta a seguinte estrutura:

○ Débeda inicial consolidada	25.000.000 €
○ Crecemento débeda Deputación	0,00 €
○ Amortización débeda consolidada	0,00 €
▪ Total débeda final	25.000.000 €

PROPOSTA DE ACORDO

Por todo o exposto e co obxecto de poder atender ás diversas obrigacións da competencia provincial, e dado que este se elaborou con observancia das prescricións legais e regulamentarias, hónrome en lle propoñer ó Pleno a aprobación do orzamento xeral da Deputación Provincial para o exercicio de 2024 está integrado por:

- O orzamento da Deputación, por importe de 189.283.429 €.
- O orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 630.617€
- O orzamento do Consorcio P. contra incendios, por importe de 3.992.300 €.
- O orzamento do Consorcio do Deza – Tabeirós por importe de 1.188.738 €.
- Orzamento Xeral Consolidado, por importe de:
 - En ingresos-----193.157.062 €
 - En gastos -----193.157.062 €
- Das bases de execución do orzamento xeral da Deputación, e as específicas da Fundación da Escola U. de Enfermería e a dos Consorcios.
- Dos cadros de funcionarios, as relacións de postos de traballo e os cadros do persoal laboral e eventual da Deputación, da Fundación E. U. Enfermería e dos Consorcios.
- Do Anexo de investimentos para o exercicio 2024.
- Do plan (marco) orzamentario a medio prazo 2023-2025.

Remata a memoria da Presidencia indicando que no acordo de aprobación inicial haberá de recollese, para cada un dos orzamentos indicados, o resumo por capítulos dos seus estados de ingresos e gastos.

Este resumo por capítulos é o seguinte:



ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	52.177.964,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos...	41.005.328,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	150.003,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	41.717.245,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.	1.000.000,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>136.050.540,00 €</i>

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 6.- Investimentos reais.....	13.066.789,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	39.893.700,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	272.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	0,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>53.232.889,00 €</i>

TOTAL ORZAMENTO..... 189.283.429,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulo 1.- Impostos directos.....	16.492.234,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	14.651.024,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.437.404,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	141.964.563,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	2.615.304,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>188.160.529,00 €</i>

OPERACIÓNS DE CAPITAL



Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais.....	850.500,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	272.400,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>1.122.900,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	189.283.429,00 €

ORZAMENTO DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTES

Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	568.117,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	61.400,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	100,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>629.617,00 €</i>

OPERACIÓN DE CAPITAL

Capítulo 6.- Investimentos reais.....	1.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>1.000,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	630.617,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	125.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	504.615,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	2,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>629.617,00 €</i>

OPERACIÓN DE CAPITAL

Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	1.000,00 €
---	------------



<i>Total Operacións de Capital.....</i>	1.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO.....	630.617,00 €

ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO.

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	3.175.938,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos...	778.302,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	5.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.000,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>3.962.240,00 €</i>

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 6.- Investimentos reais.....	30.060,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>30.060,00 €</i>

TOTAL ORZAMENTO..... 3.992.300,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulo 3.-Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.065.200,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	1.927.000,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	100,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>3.992.300,00 €</i>

TOTAL ORZAMENTO..... 3.992.300,00 €

ORZAMENTO DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRAINCENDIOS E



SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E TABELIRÓS-TERRA DE MONTES.
ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	1.013.121,27 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	175.116,73 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>1.188.238,00 €</i>

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 6.- Investimentos reais.....	500,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>500,00 €</i>

TOTAL ORZAMENTO..... 1.188.738,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	249.424,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	939.314,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>1.188.738,00 €</i>

TOTAL ORZAMENTO..... 1.188.738,00 €

ORZAMENTO CONSOLIDADO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	56.935.140,27 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	42.020.146,73 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	150.103,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	39.785.223,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.003.000,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>139.893.613,00 €</i>



OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 6.- Invetimentos reais.....	13.098.349,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	39.892.700,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	272.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	0,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>53.263.449,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	193.157.062,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORIENTES

Capítulo 1.- Impostos directos.....	16.492.234,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	14.651.024,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	14.877.028,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	143.398.470,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	2.615.406,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>192.034.162,00 €</i>

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 6.- Alleamento de invetimentos reais.....	850.500,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	272.400,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>1.122.900,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	193.157.062,00 €

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:



1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSG-PSOE, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo que figura na memoria da Presidencia do expediente relativo á aprobación inicial do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2024, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e cos votos en contra das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG.

2. SOLICITUDE DUN FUNCIONARIO ADSCRITO AO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA COMPATIBILIZAR O DESEMPEÑO DO SEU POSTO DE TRABALLO CO EXERCICIO DE ACTIVIDADES DOCENTES NA UNIVERSIDADE DE VIGO. (EXPTES.- 2023066988.- 2023063380).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, con data 2 de novembro de 2023, en relación á solicitude dun funcionario adscrito ao Centro Príncipe Felipe para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo co exercicio de actividades docentes na Universidade de Vigo, cuxo contido é o seguinte:

“Visto o informe da xefa do Servizo de RRHH e Formación que textualmente di:

“ANTECEDENTES

*1º.- Mediante escrito presentado no Rexistro xeral da Deputación Provincial o 6 de outubro de 2023, DON FERNANDO JOSÉ BENASACH TORRES, con DNI nº ***2828**, funcionario de carreira co posto de traballo de Psicólogo, grupo A1, adscrito ó Centro Príncipe Felipe, solicita que se lle conceda autorización para compatibilizar o desempeño do seu posto cunha segunda actividade no sector público, como profesor asociado T3-P4 a tempo parcial no departamento de psicoloxía evolutiva e da educación, na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo.*

2º.- Xunto coa solicitude achega un escrito do Secretario da citada Facultade, no que se informa da xornada e horario de traballo, que non afecta ó establecido no Centro



Príncipe Felipe salvo os xoves. Non obstante, consta que o interesado solicitou polo portal do empregado o desfrute de vacacións e asuntos propios de todos os xoves que faltan ata finalizar o ano 2023, a fin de evitar a coincidencia horaria de ambas actividades. Así mesmo, achega escrito no que acredita como retribución bruta mensual neste posto a cantidade de 612,57 €.

Posteriormente, presenta informe favorable da Vicerreitora de profesorado e ordenación académica, por delegación do Reitor da Universidade de Vigo.

3º.- O posto de traballo que desempeña na Deputación de Pontevedra como Psicólogo ten establecida unha retribución bruta anual de 40.286,90 €.

4º.- A cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supera a remuneración prevista nos Orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral (60.794,20 €), nin supera a correspondente ó principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente (79.032,46 €), tal e como esixe o artigo 7 da Lei 53/84.

5º.- Solicitado informe á dirección do Centro Príncipe Felipe pola coincidencia horaria dos xoves, manifesta que vanse a validar todos os días correspondentes ó ano 2023 e segundo cuadrimestre do ano 2024, co desfrute de vacacións e asuntos propios, debéndose organizar a actividade docente do segundo ano fóra dese horario, polo que informa favorablemente a compatibilidade de acordo coa actual planificación do servizo, xa que non se produce unha alteración da xornada.

CONSIDERACIÓNS NORMATIVAS

1º.- Lei 53/84, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

2º.- Real Decreto 598/85, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismo, Empresas dependentes.

3º.- Artigo 70.9 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se atribúe ó Pleno da Corporación Provincial a declaración de compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade no sector público ou privado.

4º.- O artigo 4 da Lei 53/84 e 3 do RD 598/85 sinala que poderá autorizarse a compatibilidade, cumpridas as restantes esixencias desta Lei, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como Profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e cunha duración determinada.

5º.- Á súa vez, o artigo 7 da Lei 53/84 contempla como requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas, que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Presupostos xerais do estado para o cargo de Director xeral, nin supere a correspondente ó principal, estimada



en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.

A superación destes límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso do Pleno das Corporacións Locais en base a razóns de especial interese para o servizo.

Neste senso o RD 598/85 dispón no seu artigo 4 que nos supostos en que sexa posible a autorización de compatibilidade de actividades públicas, esta entenderase condicionada á aplicación das limitacións retributivas previstas no artigo sétimo da Lei 53/1984.

6º.- Os servizos prestados no segundo posto ou actividades non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos, podendo suspenderse a cotización a este último efecto. As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, só poderán percibirse por un dos postos, calquera que sexa a súa natureza.

7º.- As solicitudes de autorización de compatibilidade dun segundo posto no sector público, que formule o persoal sometido ó ámbito de aplicación deste Real Decreto, serán resoltas no prazo de tres meses a contar desde a data de presentación da solicitude. Este prazo poderá prorrogarse, mediante resolución motivada, por un período de tempo non superior a un mes (Artigo 5 do RD 598/85).

8º.- Ademais, tal e como sinala o artigo 6 do RD 598/85 toda autorización de compatibilidade require informe favorable da autoridade correspondente ó segundo posto. Se se trata de compatibilizar postos no ámbito de Administracións Públicas diferentes, o informe deberá ser emitido, segundo os casos: polo Ministerio da Presidencia, oído, segundo proceda, a Subsecretaría do Departamento correspondente, o Delegado do Goberno, o Gobernador civil ou reitor da Universidade; polo órgano competente da Comunidade Autónoma, ou polo Pleno da Corporación Local.

9º.- Por último, e ó abeiro do previsto na disposición final terceira do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ó persoal funcionario, ó persoal eventual e ó persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade, ó retribuído por arancel e ó persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección, circunstancia que non concorre na solicitude presentada polo interesado.

CONCLUSIÓN

En base ós antecedentes e consideracións normativas citadas anteriormente PROPONSE conceder a DON FERNANDO JOSÉ BENASACH TORRES a compatibilidade solicitada para o desempeño do posto de traballo de profesor asociado



T3-P4 a tempo parcial na Universidade de Vigo, durante o primeiro cuadrimestre do presente curso académico.”

Considerando o exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ACORDA:

Conceder autorización ó funcionario de carreira, Don Fernando José Benasach Torres para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo como psicólogo do grupo A1, adscrito ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, cunha segunda actividade no sector público como profesor asociado T3-P4 a tempo parcial na Universidade de Vigo, durante o primeiro cuadrimestre do curso académico 2023/2024.

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (2)**, do grupo provincial do BNG.
- 3. Abstencións: (6)**, do grupo provincial do PSG-PSOE.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo do asunto relativo á solicitude dun funcionario adscrito ao Centro Príncipe Felipe para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo co exercicio de actividades docentes na Universidade de Vigo, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, coa abstención das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSG-PSOE e cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as trece horas e doce minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión
Asdo.: José Antonio Gulías Varela
(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

